



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

Os socialistas din que a decisión de retirar a pasarela de Cubelas é un reflexo da mala xestión deste goberno en tódolos ámbitos

-A principios do verán alertaban do mal estado dos accesos a esta praia, pois, "supoñían un perigo para os usuarios. Non recoñeceron a situación e agora a finais de outubro din que é inadecuada e innecesaria"

-Destacan que "o tempo acaba por darnos a razón. Dende aquela non se fixo nada por solucionar o problema, agora, é máis fácil sacar de diante o asunto que intentar darlle unha solución"

CERVO, 25 DE OUTUBRO. Os socialistas de Cervo lamentanse ó ver cómo o goberno acaba por recoñecer o deterioro da pasarela de Cubelas e decide como solución a súa retirada, "xa no mes de xullo, alertamos ó Concello do estado de abandono dos accesos a este areal e o perigo que supoñían para os usuarios, ninguén recoñeceu a situación e vemos cómo agora, rematando o mes de outubro, se deciden a retirala porque lles parece inadecuada e innecesaria".

"O tempo veunos a dar a razón" afirman dende o PSOE cervense, "dende aquela non se fixo nada por solucionar o problema e resulta que a solución só pasa por quitala definitivamente".

Neste senso, subliñan que "as decisións do noso equipo de goberno amosan a falta de interese por manter os servizos e equipamentos que temos. É máis fácil sacar de diante o asunto que intentar darlle unha solución. A mala xestión do Partido Popular no Concello contaxiase a tódolos ámbitos, iso sí, desta maneira podemos ver claramente en qué mans estamos".

GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CERVO